



Informe PAT

CURSO 2018-2019

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. ACTIVIDADES DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: 4 BLOQUES

2.1. Actuacións de organización

2.2 Actuacións de acollida

2.3 Actuacións de apoio e seguimento

Acción co profesorado e o alumnado titor

2.4 Actuacións de carácter formativo extracurricular:

Seminarios, obradoiros, charlas.

Ciclos de conferencias e cursos.

3. RESULTADOS PAT 2018-2019

4. PROPOSTAS PARA O PAT 2019-2020

1. INTRODUCCIÓN

Neste documento recóllese as diferentes actividades levadas a cabo durante o curso académico 2018-2019 no Plan de Acción Titorial (PAT) do Grao en Enfermería da Escola Universitaria de Enfermería de Pontevedra, avaliándose as accións realizadas correspondentes aos 4 bloques nas que están clasificadas, avalíase o nivel de consecución dos obxectivos propostos e as dificultades atopadas para acadalos; preséntase a valoración global das accións realizadas nos catro cursos, e algunha propostas de cambio que se incorporará no curso 2019-2020.

No título de Grao en Enfermería o número de prazas de acceso é limitado o que pode dar lugar a non ter altos datos de participación, xa que é frecuente que os pequenos problemas cotiás ou as dúbidas que poida ter o alumnado sempre se solucionan directamente co/as coordinadores/as ou co profesorado titor, polo que non sempre se espera á convocatoria dunha reunión, e dicir que se ten un contacto próximo co estudantado podendo dar resposta a través de titorías individuais. Neste curso académico observase un incremento da participación do estudantado colaborador de PAT que previa preparación e información das accións a desenvolver no PAT acompañaron ao profesorado titor no súa labor de titoría.

Neste curso académico 2018/2019 o PAT está implantado nos 4 cursos de grao mantendo o seu carácter de *voluntariedade* en canto a participación do alumnado e do profesorado que actúan como titores do PAT.

Seguiuise o deseño feito no PAT e aprobado pola Xunta de Centro para este curso o 9 de xullo de 2018 e leváronse a cabo diferentes accións programadas nas que se abordaron contidos e formatos de accións diferentes dependendo do curso.

De xeito xeral pódense definir os contidos de ditas actividades como de tipo informativo, orientador e formativo, aportando información de interese para o alumnado, facendo un seguimento da planificación da súa actividade académica e recibindo información acerca das inquiredanzas, cuestións ou queixas que o alumnado desexaron formular sobre o discorrer das actividades ao longo do curso.

A actividade titorial desenvolvida centrouse na realización de reunións a nivel de grupo e xuntanzas de xeito individual nas que participaron un número de estudantes dos diferentes cursos co profesorado titor e alumnado colaborador, tamén se fixeron reunións individuais para titorizar algunha situación individual plantexada por algunha ou algún estudante.

O PAT do grao en enfermaría inclúe a continuidade da acción titorial de cada persoa titora cun grupo definido de alumnado ao longo dos diferentes cursos comezando a súa titorización en primeiro curso e continuando co mesmo profesorado titora ao longo dos diferentes cursos, o que favorece a interacción entre alumnado-titor/a e a función de apoio, orientación e guía para o estudantado, facilitando unha maior participación e compromiso co proceso de aprendizaxe. Así mesmo, a persoa titora mantén aberta a posibilidade de encontros individuais con seus titorizados, sempre que o soliciten.

A través da coordinación do PAT realizáronse funcións de seguimento do mesmo recollendo informes das reunións, resolvendo dúbidas e activando información continua de actividades culturais, deportivas, de lecer que estaban dirixidas e pensadas para o estudantado da Universidade de Vigo nos distintos campus.

2. ACTIVIDADES REALIZADAS.

En catro bloques de accións

As actuacións planificadas do PAT nos catro cursos do grao de enfermaría trataron de responder as diferentes necesidades do alumnado da titulación, no curso 2018-2019. Das actividades levadas a cabo o longo do curso corresponden ás actuacións clasificadas no Manual do PAT para este curso, foron:

2.1 Accións da Organización

Sesións informativas realizadas para presentarlle ao profesorado titor e coordinadores de curso os contidos e o desenvolvemento das actividades previstas no PAT 2018-2019. Este tipo de accións leváronse a cabo coa coordinación do PAT onde se reuniron ao principio de curso co profesorado titor aportándolles a información necesaria. Esta actividade formativa serve para unha análise das accións a promover así como a coordinación das necesidades detectadas a través das distintas titorías. O final do curso a coordinación do PAT realizou a avaliación global dos informes recollidos durante todo o período académico así como os resultados das enquisas de avaliación do PAT, o que permite analizar o

funcionamento do plan actual e establecer algunha proposta de cambio de cara o vindeiro curso.

2.2 Accións de Acollida

O equipo de dirección e a coordinación do PAT o forman as persoas encargadas, o principio de curso, da realización de reunións con todo o alumnado, nas que se lle facilita información sobre distintos aspectos do ámbito universitario (mostrar os espazos do centro, administrativos, web da escola, aportar toda aquela información de interese do alumnado e de apoio, visualizar aqueles links que facilitan información das actividades que promove a Uvigo tales como deportivas, do medio natural, cultural, ciclos de cine promovidos polo campus Pontevedra, aluguer de bicicletas etc.), información do centro (aulas, talleres de simulación, sala de informática, biblioteca, secretaría de alumnado, dirección, normativas do centro, etc.), así como da *titulación* (plan de estudos, guías docentes, horarios, participación do alumnado na xestión do centro, etc.). Así mesmo ofrecéuselles información concreta sobre os aspectos organizativos do PAT.

Como en anos anteriores, o estudiantado que non chega a matricularse nos primeiros prazos e logo poida ter dificultades o incorporarse os grupos de traballo, de xeito especial nos grupos máis pequenos, nas distintas metodoloxías que se levan a cabo no centro, polo que o profesorado do primeiro semestre do primeiro curso, tendo en conta esta situación, se lle oferta as/os estudantes apoio nas titorías individuais para que logren a súa integración no aula no menor tempo posible, así como a aprendizaxe con profesorado que fai os grupos segundo o nivel de coñecemento tal como é na materia de estatística de xeito que se poidan organizar grupos de apoio co estudiantado que o precisen.

2.3 Accións co profesorado e co alumnado titor

Tratase de reunións que levou a cabo o profesorado-titor co grupo de alumnado que se asignou para a súa titorización o ben de forma individual ou grupal sempre que o alumnado e o profesorado así o acorden. Tendo unha primeira reunión no segundo cuadrimestre co alumnado colaborador de primeiro curso na que se abordaron cuestións sobre o PAT, importancia das titorías, a atención personalizada, a necesidade de información. Ao longo do curso foise analizando as necesidades que van xurdindo, así como o facilitar o apoio á titorización ao alumnado de cursos superiores o que permite a aportación das súas experiencias ao alumnado de primeiro curso e así se vaian incorporando como alumnado colaborador do profesorado titor.

2.4 Accións de carácter formativo extracurricular

Actividade académica.

As actividades de apoio a formación constitúen unha das accións centrais do PAT. Ao final de cada reunión mantida co estudiantado asignado a cada titora ou titor recollese a través das enquisas os aspectos principais tratados co alumnado e os problemas que eles expoñen. Esta información vai a ser trasladada a coordinación do PAT co fin de facer un seguimento continuo de cada curso e recoller as distintas suxerencias e indicacións aportadas polo estudiantado así como dar resposta as cuestións plantexadas. O alumnado, fora das reunións planificadas, pode solicitar axuda por diversos canles desde a tutoría personalizada ou en pequeno grupo por vía correo electrónico ao profesorado titor cando sexa necesario, etc. o cal indica a dispoñibilidade e a utilidade que aporta o Plan de Acción Titorial.

Acciones de Orientación Profesional.

Esta actividade ten como destinatarios principais o estudiantado de *terceiro* e *cuarto* de curso de grao neste caso de Enfermería. Co fin de asesoralos ante as novas situacións as que deben enfrontarse unha vez finalizado o curso, organizáronse distintos obradoiros en colaboración co Sergas entidade maioritariamente empregadora sobre orientación laboral, estratexias de busca de emprego, competencias, saídas laborais, facilitándolles información específica sobre como facer para incorporarse ás lista de traballo do Sergas, ficha FIDES así como unha xornada de presentación da oferta formativa de mestrados da área de ciencias da saúde, preparación e formación EIR, etc. Neste curso académico se realizaron tamén distintas sesións informativas dirixidas o perfil do estudiantado de enfermaría impartidas por empresas de selección e orientación autorizadas polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social de España especializadas en ofrecer oportunidades a profesionais de enfermaría que desexan traballar en Europa, tales como o Sistema Público de Saúde Noruego e do Sistema Público de Saúde dos Países Baixos.

Atención á diversidade.

Neste curso 2018-19 detectáronse necesidades específicas de apoio educativo, titorización como apoio a situacións persoais que dificultaba a normalización académica para algunha

alumna e alumno do centro, sendo resoltas en titorías individuais en colaboración co profesorado titor para situacións especiais a través das accións do PAT.

CURSO 2018-2019

CRONOLOXÍA DAS ACTUACIÓNS:		REALIZADA DATA
Na primeira semana, no día e hora anunciada na Web.	Acto de benvida	5 de setembro de 2018
A continuación do acto anterior nunha sesión específica anunciada na web	Acto de presentación do PAT para todo o alumnado de 1º	5 de setembro de 2018
1ª Quincena de setembro	Información do Título de Grao de enfermaría. Explicación dos aspectos académicos e competencias máis salientables	5 de setembro de 2018
1ª Quincena de setembro	Información da Unidade de Igualdade da Uvigo. Presentación da persoa enlace da Unidade De Igualdade.	6 de setembro de 2018
1ª Quincena de setembro	Acto de presentación a 2º curso da web da Escola de Enfermería de Pontevedra coa actualización académica	6 de setembro de 2018
1ª Quincena de setembro	Ao estudiantado de 3º e 4º curso facilítaselle información sobre ERASMUS, Mestrados, EIR,	7 de setembro de 2018
1ª Quincena de setembro	O alumnado de primeiro curso informáselle de como participar no PAT como alumnado colaborador.	11 de setembro de 2018
2ª Quincena de setembro	Acto de acollida o estudiantado que se incorporou máis tarde.	17 de setembro 2018
2ª Quincena de setembro	Información sobre o PAT ao profesorado que se incorpora de novo por parte da Dirección e coordinación co fin de promover a súa participación	28 de setembro de 2018

2ª Quincena de setembro	Información do PAT e TFG a 4º curso	25 de setembro de 2018
2ª Quincena de setembro	Acto de acollida ao alumnado de recente incorporación. Información do centro e do Plan de Acción Titorial.	26 de setembro de 2018
2ª Quincena de setembro	Reunión co alumnado de 1º para informar e promover a súa participación no PAT	27 de setembro de 2018
1ª Quincena de outubro	Información ao profesorado titor e o estudiantado do cronograma das actuacións dos obradoiros de Igualdade	5 de outubro de 2018
1ª Quincena de outubro	Obradoiro formativo en <i>atención sanitaria transpositiva a menores con identidades sexuais non normativas</i> . Video Forum.	9 e 16 de outubro de 2018
2ª Quincena de outubro	Sesión informativa sobre o programa de Mobilidade Erasmus a 3º curso	19 de outubro de 2018
2ª Quincena de outubro	Acto de benvida e presentación do PAT ao alumnado incorporado co curso xa iniciado.	23 de outubro de 2018
2ª Quincena de outubro	Titorías individuais ao estudiantado que as demandan ante determinadas situacións persoais.	29 de outubro de 2018
2ª Quincena de outubro	Presentación da relación de alumnado asignado aos titores do PAT Información sobre o PAT ao profesorado por parte da Dirección e coordinación co fin de promover a súa participación.	30 de outubro de 2018
1ª Quincena de novembro	Obradoiro de Igualdade: sistema sexo-xénero, a discriminación como fenómeno estrutural.	6,13 e 20 de novembro
1ª Q de novembro	1ª Reunión de PAT co estudiantado deste curso académico: <i>presentación e avaliación inicial</i> (detección de necesidades), feita polo profesorado titor de PAT	7,8,15,19,21,22,26 e 28 de novembro de 2018

1ª Q de novembro	En 1º,2º,3 e 4º, Sensibilización en Hemodonación.	15 de novembro de 2018
2ª Q de novembro	4º curso: <i>ecografía para profesionais de enfermería</i>	20 e 21 de novembro de 2018
1ª Q de febreiro	En 1º curso . Obradoiro de: <i>aprendizaxe eficaz , xestión e planificación do tempo.</i>	5 e 12 de febreiro de 2018
1º e 2ª Q de marzo	2º reunión de seguimento do PAT por parte do profesorado titor co alumnado asignado no PAT	11,14,21,28 de marzo e 30 de abril 2019
1ª quincena de marzo	Sesión informativa ao estudiantado 4º curso grupo Quirón Salud	11 de marzo de 2019
1ª e 2ª Q de marzo	En 1º, 2º,3º e 4º curso básico de <i>linguaxe galega sanitaria.</i>	11,14,18,21 de marzo de 2019
2ª quincena de marzo	Charla informativa ao estudiantado de ADOS (Axencia de Doazón de órganos e Sangue) SERGAS	25 de marzo de 2019
2ª Q de marzo	Charla- coloquio dirixida ao alumnado interesado en traballar en países da UE, (Noruega) impartido por unha empresa de selección e intermediación para profesionais de enfermería.	28 de marzo de 2019
1ª Q de abril	En 4º curso. <i>Orientación profesional Saídas laborais. FIDES</i>	11 de abril de 2019
2ª Q de abril	<i>Charla informativa ao alumnado de 3º e 4º curso formación en Posgrao e preparación EIR.</i>	25 de abril de 2019
1º Q de xuño	Charla coloquio dirixida o alumnado de 4º curso interesado en traballar na UE, no Sistema Público de Saúde dos Países Baixos.	6 de xuño de 2019
Ao longo do curso	Recollida de información das actuacións feitas desde o PAT	Realizáronse
Ao longo do curso	Outras accións que xurdan da avaliación continua.	Realizáronse

Ao longo do curso	Accións de Atención á Diversidade.	Realizáronse en diferentes datas ao longo do curso.
1ª Q de xuño	Avaliación final	14 de xuño de 2019

3. RESULTADOS

3.1. Resultados PAT. Curso 2018-19

Das actividades de titoría desenvolvidas no 1º curso de grao de enfermaría.

Ao longo do curso académico de 2018-19, leváronse a cabo as seguintes actividades do Plan de Acción Titorial:

Actividades de coordinación e acollida.

Ademais do acto de benvida realizado polo equipo de dirección, fixéronse tres reunións de presentación e explicación do PAT e invitación a súa participación, reunión co alumnado colaborador de PAT e a coordinación do PAT. A Través de ditas reunións estiveron presentes unha alumna e un alumno de 4º curso dando información da súa experiencia como estudantes de enfermaría do centro e aportando a súa visión de iguais en anteriores cursos e forman parte como alumnado colaborador do PAT.

Unha vez comezado o curso faise un acto de benvida e se presenta o PAT para todo aquel alumnado que se incorpora máis tarde co curso xa iniciado.

Actividade do profesorado titor.

Leváronse a cabo dúas reunións polo profesorado titor co alumnado asignado en cada un dos cursos para a súa titorización do PAT.

A participación do alumnado foi dun 77% no 1º curso, un 40% no alumnado de 2º e dun 53% no alumnado de 3º, e dun 43% en 4º curso de grao de enfermaría.

Actividades de organización

Responsable	Actividades	Contido	Data
Coordinadora e profesora titora do PAT	Presentación do PAT	Designación de profesorado titor. Presentación do PAT. Calendario de actividades. Asignación alumnado e titor/a.	Setembro/ outubro de 2018
Director e Subdirectora. Coordinadora do PAT	Acto de Benvida.	A universidade e os servizos administrativos O Centro: aulas, laboratorios, sala informática, biblioteca, secretaría, dirección. A titulación: plan de estudos, participación do estudiantado, PAT, enquisas, prácticas externas, etc.	5 de setembro de 2018
Subdirectora e coordinadora do PAT	Sesión informativa de acollida	Información sobre os servizos o alumnado, deportes, bolsas, etc.), Organización do curso: semestres, materias, etc. horarios, guías docentes, enquisas de avaliación. Información PAT. programas de mobilidade.	5 de setembro de 2018
Coordinación de PAT e profesorado titor do PAT	Sesión de seguimento	Seguimento da actividade titorial Intercambio de ideas sobre aspectos e suxerencias do PAT.	Ao longo de marzo
Coordinación e profesorado titor do PAT	Seguimento do PAT	Recollida de evidencias. Asesoramento e apoio Información e achega de novas da área de Igualdade , da área de Benestar, Saúde e Deporte tanto para o alumnado como para o profesorado titor. Seguimento das actividades do PAT. Resolver demandas de información.	Todo o curso
Coordinación e profesorado titor do PAT	Análise e avaliación final do PAT	Cuestionarios de avaliación da satisfacción do alumnado. Cuestionarios de avaliación de satisfacción do profesorado titor e análise das aportacións. Elaboración da memoria final.	Final de curso

Resultados PAT curso 2018-2019**Profesorado titor de 2º e 3º curso de grao de enfermaría de Pontevedra**

Profesorado titor de PAT	Cursos
Ines Blanco Nieves	2º e 3º
José Luís Buceta Hazas	2º e 3º
Felipe Fernández Arén	2º e 3º
Julio Diz Arén	2º e 3º
Pilar Piñón Esteban	2º e 3º

Estadísticas de participación do PAT 2º e 3º curso

Número de alumnado titorizado:

2º curso=20 (40%) Alumnado matriculado: 48. Participación 40%

3º curso= 21 (53%) Alumnado matriculado: 39. Participación 53%


Total=41

Número de reunións de titorías co alumnado

Nº de reunións grupais co profesorado titor responsable de cada curso: 2

Nº de titores: 5

Nº de sesións titoriais totais tanto individuais como grupais: 15



Profesorado tutor de 1º e 4º curso de grao de enfermaría de Pontevedra

Profesorado tutor de PAT	Cursos
María Teresa Hermo Gonzalo	1º e 4º
Irene Garay Martínez	1º e 4º
María Dolores Rodríguez García	1º e 4º
María Dora Romero Insua	1º e 4º
Myrian Santos Folgar	1º e 4º

Estadísticas de participación do PAT de 1º e 4º curso

Número de alumnado tutorizado:

1º curso= 38. Alumnado matriculado: 49 Participación 77%

4º curso= 19. Alumnado matriculado: 44 Participación 43%


Total=57


Número de reunión de tutorías co alumnado:

Nº de reunións grupais co profesorado tutor:2

Nº de titores: 5

Nº de sesións tutoriais tanto individuais como grupais: 18





Breve informe das cuestións abordadas nas reunións de titorías do profesorado do PAT

A modo de resumen xeral especifícanse os diferentes contidos tratados nas reunións do PAT co alumnado de enfermaría que a través da súa avaliación o profesorado titor achegou para o informe final do PAT.

Aspectos abordados:

- Na primeira reunión do PAT facilítaselles información do cronograma das actividades planificadas para este curso académico 2018-2019, así como dos recursos dos que dispoñen, así mesmo nesta primeira reunión recollese información a través do anexo II (ficha inicial de detección de necesidades) tal como figura no DO-0203 P1 anexo 1 do Plan de Acción Titorial.

- Nesta primeira reunión achegouse información sobre a páxina web da Escola e dos apartados específicos para o estudiantado que son para o alumnado e sirven para dar resposta as súas, onde poder consultar todo o relacionado co ámbito académico, actividades culturais, área de benestar, saúde e deporte da Uvigo no Campus de Pontevedra así como información do DUVI do Campus de Pontevedra.
- Información sobre o programa de voluntariado existente no Campus de Pontevedra da Uvigo.
- Información dos **Muvers go**, así como as diferentes actividades deportivas existentes no curso 2018-19 da Uvigo e concretamente no Campus de Pontevedra. Información do abono mover dálle acceso ás salas cardio-fitness, múltiples actividades dirixidas, acceso ás pistas de tenis, atletismo, así como descontos nas Escolas Deportivas e nas actividades no medio natural. Neste senso informan de que hai alumnado que forma parte do equipo de voleibol do campus de Pontevedra así como a información de outras estudantes que participan en deportes olímpicos tales como: vela, taekwondo, etc.
- Solicitan información do programa de mobilidade. Se lle indica que dentro das accións planificadas neste curso no PAT, está a acción formativa de mobilidade.
- Ante as necesidades detectadas no cuestionario do PAT anexo II sobre problemas de ansiedade que poden xerar dificultades no rendemento académico organizáronse dous obradoiros para primeiro asistindo de forma voluntaria o alumnado interesado con contido sobre *técnicas para un aprendizaxe eficaz e planificación do tempo*, levándose a cabo a través de dinámicas grupais sendo o alumnado o seu propio protagonista, e máis adiante facendo seguimento e apoio ao longo do curso.
- Organizouse unha actividade grupal formativa co alumnado colaborador de primeiro de grao, na que se abordan aquelas cuestións que indican que lle plantexan máis dificultade na nova andadura universitaria así como expresar cales consideran que son aspectos máis positivos tales como: estudar algo que lles motiva, maior liberdade, novas amizades, etc.
- A través da área de deporte informase sobre a 2ª semana da Muller no deporte da Uvigo co fin de lograr a súa participación e que coñezan a ampla oferta deportiva con actividades como chan pelviano, ioga e defensa persoal de acceso gratuíto.
- Facilitaselle información sobre todo alumnado de 3º e 4º curso sobre a formación EIR e as súas especialidades. Se lles dou resposta a través do PAT cunha xornada sobre orientación e información académica e saídas profesionais.

- Desde o propio deseño do PAT contamos co alumnado de cursos superiores para orientar e asesorar o alumnado dos primeiros cursos e de como afrontar a posible falta de tempo pola carga lectiva e de prácticas.
- A través da área de Normalización lingüística de Uvigo fíxose un curso en linguaxe sanitaria dirixido a alumnado de grao de enfermaría e a profesionais en activo de enfermaría.
- Outra das accións do PAT é manter unha información permanente vía online sobre todas as novas que se achegan como tipo becas de xuventude, axudas para o estudantado tales como redactar os TFG en galego, etc de tal forma que dispoñan da máxima información posible.
- A través das reunións grupais do PAT solicítanse propostas das actividades para a programación do vindeiro curso 2019-2020 tanto de cursos, seminarios, xornadas, así como a necesidade de que participen proponendo novas actividades.
- Se informa da existencia da Unidade de Igualdade na Uvigo así como das publicacións mensuais de cursos, obradoiros, xornadas de Igualdade, da existencia dunha persoa na escola que desenvolve o papel de *enlace* da Unidade de Igualdade na Escola de Enfermería, así como os recursos de xénero, actividades propias e investigación en xénero.

4. PROPOSTAS PARA O PAT 2019-2020

Continuar divulgando a información sobre o PAT e destacar as súas posibilidades como ferramenta de participación do alumnado así como a incorporación de novo alumnado e valorar a súa importancia como parte dinamizadora-colaboradora do PAT e sobre todo do alumnado de cursos superiores.

Incorporar novas accións no PAT que vaian na liña de respostar as suxerencias recollidas no Anexo IV_A do Cuestionario Final de Satisfacción do Alumnado.

Tratar de lograr unha maior participación do estudantado nas actividades programadas a través do PAT así como nas súas achegas.

Potenciar no estudantado o PAT para que a perciban como un instrumento de axuda nas diferentes situacións persoais que poden presentar algunha dificultad no seu normal desenvolvemento da actividade académica así como o ser o espazo no que se pode

detectar problemas que afectan o alumnado e desde onde se poden promover vías de solución.

Incrementar as achegas informativas de todo o que está relacionado co ámbito académico

Becas axudas, actividades culturais, deportivas, de ocio, etc.

Ampliar a información e compromiso co profesorado titor nas tarefas de tutoría e orientación así como na súa recollida de necesidades das distintas reunións levadas a cabo co estudiantado desde o PAT.

Anexo II

Esta ficha pode ser empregada polos/as tutores/as que o consideren preciso, como mecanismo para dispoñer dunha información ampla do alumnado que titoriza.

En todo caso, cubrir a ficha é unha acción voluntaria por parte do alumnado que deberá asinar o seu consentimento para empregar a información aportada na mesma de forma exclusiva polo/a tutor/a e unicamente no ámbito da titoría. Non poderá polo tanto facerse pública mediante ningunha canle.

A confidencialidade dos datos garantirase sempre de acordo ao establecido na Lei de Protección de datos Lei 15/1999 do 13 de decembro.

Unha vez finalizada a relación tutor-alumnado, as fichas deberán ser destruídas de modo seguro e confidencial (exemplo destrutora de papel).

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: FICHA INICIAL DE DETECCIÓN DE NECESIDADES			
(O alumnado débea cubrir voluntariamente)			
Centro		Ano académico	20___/___
DATOS PERSOAIS DO ALUMNO/A			
Apelidos e nome			
DNI			
Curso e titulación			
Teléfono/enderezo electrónico			Fotografía
Lugar de nacemento			
Data de nacemento			
Enfermidade ou algún tipo de discapacidade			
Domicilio			
Motivación para elixir a titulación			

Actividades do seu interese	
CONTEXTO DE ESTUDO E TRABALLO	
Tipo de residencia (familiar, piso de estudante, residencia, piso propio etc.)	
Forma de sufragar os gastos (axuda familiar, bolsa, traballo etc.)	
Posibilidades de asistencia á clase	
Tempo potencial para o estudo diario	
Considera importante acudir ás titorías das materias? Emprégaas Forma de tratar o estudo diario (organización en grupo ou individual, como resolve dúbidas?	
TRAXECTORIA ACADÉMICA	
Estudos realizados para acceder a esta titulación	
Outros estudos ou formación complementaria	
Gustaríalle ampliar a súa formación? En que temas está ten interese?	

(.....Nome e Apelidos do alumno/a), autorizo a meu titor/a a empregar esta información de forma exclusiva no ámbito da titoría e a fin de cumprir estritamente cos obxectivos descritos no Plan de acción titorial.

Sinatura do/a Alumno/a

Anexo III

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL: FICHA DE SEGUIMIENTO DE TUTORÍAS		
Centro		Ano académico: 20__/20__
Curso e titulación		
Data e hora		
Tipo de tutoría	En grupo <input type="checkbox"/>	Individual <input type="checkbox"/>
	Grupo: _____	
Apelidos e nome(s) do/a(s) estudante(s)		
Tipo de reunión	Inicial <input type="checkbox"/>	De seguimento <input type="checkbox"/> Outra <input type="checkbox"/>
Motivo da reunión		

Temas formulados	
Desenvolvemento (Observacións)	
Acordos e compromisos	

Anexo IV-A

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL:

CUESTIONARIO FINAL DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO

1. Valore a documentación e a información previa ofrecida do PAT:

Insuficiente	
Suficiente	

2. Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT:

Moi mala	
Mala	
Boa	
Moi boa	

3. En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás súas expectativas?

Nada	
Pouco	
Bastante	
Moito	

4. Valore o grao de utilidade do PAT:

Nada	
Pouco	
Bastante	
Moito	

5. Pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

Si	
Non	

6. Considera axeitado o sistema de seguimento?

Si	
Non	

7. Que eliminaría do PAT?

8. Que engadiría?

Grazas pola súa colaboración